



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE NOVIEMBRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día trinta de novembro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de novembro de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202311301000040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023

Acceso á videoacta – 00:00:29 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión extraordinaria do día 26 de outubro de 2023, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 26 de outubro de 2023, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria do día 26 de outubro de 2023.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, DA COMISIÓN ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS, E DA COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:00:49 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2023 (CVD: IPpCus2HUwFF/XHJ23pt), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, na sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2023, acordou a creación das seguintes Comisións Informativas:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE EDUCACIÓN E CULTURA
- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.
- COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

De igual modo acordouse que as Comisións Informativas estarían integradas por 15 membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno:

- Cinco (5) representantes do grupo político municipal de Unión por Cambre incluído o Sr. alcalde-presidente, presidente nato de todas as comisións
- Catro (4) representantes do grupo político municipal do PP
- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE
- Dous (2) representantes do grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo político municipal Alternativa dos Veciños

Na sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2023, o Pleno municipal acordou a creación da COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL coa mesma composición que as anteriormente citadas.

Visto o escrito de data 7 de novembro de 2023, con rexistro de entrada núm. 20230000005182, presentado pola concelleira dona María Elena Lauda Fernández, e o escrito de aclaración presentado por esta concelleira o 8 de novembro de 2023, con rexistro de entrada núm. 20230000005207, nos que comunica o abandono do Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre e solicita pasar a concelleira non adscrita.

Visto que, segundo o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de membros non adscritos.

Considerando que, á vista do abandono pola Sra. Lauda Fernández do grupo municipal do PP, faise necesario modificar a composición das Comisións Informativas.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar os acordos adoptados polo Pleno en sesión do 11 de xullo de 2023 e sesión do 28 de setembro de 2023, no que á composición das comisións se refire, resultando que as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas, a Comisión Especial de Honores e Distinciós e a Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal estarán integradas por 15 membros:

- Cinco (5) representantes do grupo político municipal de Unión por Cambre incluído o Sr. alcalde-presidente, presidente nato de todas as comisións
- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PP
- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE
- Dous (2) representantes do grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo político municipal Alternativa dos Veciños
- Unha (1) concelleira non adscrita

A designación concreta dos/as representantes do grupo municipal do PP nas diferentes Comisións Informativas farase por escrito da súa voceira.



Segundo.- Para todo o demais manteranse en idénticos termos os acordos plenarios adoptados con data 11 de xullo de 2023 e 28 de setembro de 2023.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interveñen os/a voceiros/a do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández; do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; e do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2023 (CVD: IPpCus2HUwFF/XHJ23pt), que devén en acordo nos termos transcritos.

2.2. SOLICITUDE DE CESIÓN AO CONCELLO DE CAMBRE DOS RAMAIS DO TREITO DA AC-12 ENTRE O P.K. 6+585 E O P.K. 7+280, M.I. E ENTRE O P.K. 7+010 E O P.K. 7+270, M.D.

Acceso á videoacta – 00:14:03 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de novembro de 2023 (CVD: eeDbx33UJz5Rtn7b626s), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, na sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Cambre está xestionando a ordenación e incorporación de dúas pezas de solo á trama urbana de uso terciario na marxe esquerda da AC-12, pezas que complementan o tecido terciario existente no municipio limítrofe entre a Ponte Pasaxe e os límites de Cambre.

Para os accesos de entrada e saída a estes desenvolvementos urbanísticos usarase o ramal existente entre a rotonda do Seixal e o nó de enlace e cambio de sentido situado no concello limítrofe próximo ao espazo de casas Bailly, ramal do treito da estrada AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280 M.I., que é de titularidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Por outra parte, o ramal existente entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270 M.D. deste viario AC-12 que está na marxe contraria, á súa dereita, encóntrase en zona urbana xa consolidada.

A adquisición destes ramais polo Concello de Cambre implicaría:

- A posibilidade de acometer obras municipais sobre o dominio público das ditas infraestruturas de comunicacións, sen vincularse a limitacións, sobre todo de procedemento, en materia de lexislación de estradas.
- Posibilidade de executar novos accesos de viarios municipais ás infraestruturas cedidas, sen a limitación que existe en materia de estradas para a execución dos ditos accesos.
- Minoración de afección do solo lindeiro ás infraestruturas de comunicación cedidas no que se refire a servidumes en materia de lexislación de estradas o que favorece a distribución de superficie edificable sobre parcela.
- A mellora da ordenación, vixilancia e disciplina do tráfico tendo en conta a creación de zonas de aparcamento e a necesidade de regulación operativa do tráfico nas horas punta.

A cesión dos ramais do treito da AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280, M.I. e entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270 MD realizaríase en aplicación do artigo 5 da Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas que establece que:

“Aquellas carreteras que, sendo competencia del Ministerio de Fomento, no formen parte de la Red de Carreteras del Estado, así como los viales y caminos de su competencia, constituyen el Viario Anexo a la Red de Carreteras del Estado, en el cual no será de aplicación obligatoria con carácter general la normativa técnica de carreteras del Ministerio de Fomento. Este viario podrá ser cedido a otras administraciones públicas. El expediente se promoverá a instancia de éstas o del propio Ministerio de Fomento y será resuelto por éste. Cuando no existiere acuerdo entre el cedente y el cesionario, el expediente será resuelto por el Consejo de Ministros”.

Pola súa parte a disposición adicional terceira da dita lei establece que:

“El Ministerio de Fomento promoverá los acuerdos oportunos para transferir a la administración que corresponda las carreteras o tramos de las mismas que siendo de titularidad del Estado no cumplan los requisitos precisos para formar parte de la Red de Carreteras del Estado”.

Por iso propónse solicitar ao ministerio competente neste asunto a cesión dos ramais do treito da AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280, M.I. e entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270, M.D., sendo a lonxitude total do treito a ceder de 681 metros na marxe esquerda e 259 metros na marxe dereita, cunha superficie total estimada obxecto de cesión de 5.467 m².

Vista a memoria económica da Alcaldía de data 15 de novembro de 2023 (CVD: Vhex6T0qhQ/7iufwYOi).

Vista a dilixencia de Intervención de data 16 de novembro de 2023 (CVD: xp9Atm9YTaHvjmAus6Cr).

Formulo ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**:

Primeiro.- Solicitar ao ministerio competente a cesión ao Concello de Cambre dos ramais do treito da AC-12 entre o p.k. 6+585 e o p.k. 7+280, M.I. e entre o p.k. 7+010 e o p.k. 7+270, M.D.

Segundo.- Designar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización das actuacións que requira a execución deste acordo.

Terceiro.- Remitir este acordo coa súa certificación ao ministerio competente a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interven en a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández; e o voceiro do grupo municipal de AV,



Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de novembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de novembro de 2023 (CVD: eeDbx33UJz5Rtn7b626s), que devén en acordo nos termos transcritos.

2.3. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:23:18 horas

- Moción do grupo municipal do Partido Popular do Concello de Cambre con motivo da necesidade de creación dun centro de información á muller (CIM)

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do PP, rexistrada de entrada ao núm. 202300000005472 o día 24 de novembro de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández, quen dá lectura á moción que redactada en castelán e traducida ao galego di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE CAMBRE CON MOTIVO DA NECESIDADE DE CREACIÓN DUN CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con motivo do 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, desde o PP de Cambre queremos manifestar a nosa repulsa unánime contra esta violencia e o noso firme compromiso, como organización política, a seguir traballando sen descanso ata erradicala.

Pero fai falta moito máis que un día, unha foto ou un titular, o noso compromiso e o de Cambre na loita contra a violencia contra a muller debe tomar forma a través de medidas serias e eficaces, necesitamos recursos e que independentemente do día, asesoren, informen e axuden de maneira permanente ás mulleres que sofren violencia.

Un deses recursos que poderíamos ter aquí en Cambre son os centros de información da muller (CIM).

Un CIM é un recurso de información, atención e asesoramento a mulleres, colectivo LGBTQ+, así como a calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social de igualdade de xénero.

Cada vez máis novos adolescentes necesitan orientación e apoio, pois viven situacións de acoso, ou outros tipos de violencia que afectan ao seu benestar físico e emocional e necesitan ter un punto de referencia ao que acudir de ser o caso.

Contar cun CIM no noso concello facilitará o acceso a servizos de atención psicolóxica, asesoramento legal e orientación laboral, entre outros, a todas as persoas, familias ou colectivos que os necesiten de maneira gratuíta e ao longo de toda a semana de mañá e tarde dentro dun horario establecido.

Só así se pode facer fronte ás necesidades que xorden sen cita previa e que requiren atención urxente.

Actualmente non contamos con este tipo de centro en Cambre, nunha poboación entorno aos 24.500 habitantes non se entende que non se creou xa hai anos, necesitamos un centro accesible e próximo que atenda ás necesidades do noso municipio.

"O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a **obligación dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas**, polo que partindo do recollido no Plan de igualdade do concello e contribuíndo a que non quede nunha mera declaración de intencións, facemos este rogo para **que nos próximos orzamentos se teña en conta a creación dun CIM en Cambre**, o cal unha vez creado, en só tres meses acreditarao a Xunta se cumpre os requisitos que recolle o DECRETO 130/2016, do 15 de setembro.

Os centros de información á muller (CIM) son recursos de iniciativa municipal que están a ser impulsados e apoiados pola Xunta de Galicia.

Desde a Xunta continuarase cunha nova e ambiciosa liña de axudas para que os concellos invistan novos recursos na mellora das infraestruturas e equipamento dos Centros de Información á Muller, dotada con 1,4 millóns de euros.

A Xunta está a traballar coa Fegamp para mellorar esta rede de CIMs tanto para ampliar o mapa de recursos, a formación especializada continua do persoal como para impulsar as mesas locais contra a violencia de xénero.

A colaboración entre administracións, neste caso autonómica e local, é fundamental para traballar pola igualdade e na loita contra a violencia de xénero.

Pero para poder beneficiarnos de todas estas axudas hai que dar un primeiro paso e que o concello cre este recurso e pida a acreditación correspondente, retomando a iniciativa na creación deste centro para Cambre.

Por todo isto e para promover unha igualdade real e efectiva no noso concello, propoñemos os seguintes

ACORDOS:

1. A necesidade de crear un Centro de Información á Muller en Cambre .
2. Contemplan nos próximos orzamentos a dotación económica necesaria para a creación da infraestrutura económica e persoal que asegure a creación e acreditación do CIM.

Por unha igualdade real e efectiva.»

Aberta a quenda de intervencións, intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PP de data 24 de novembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan

Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceró Quiñoy e Rodríguez López.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo municipal do PP.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:28:22 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:28:24 horas

- Moción do grupo municipal do BNG para a realización dun estudo detallado das xornadas laborais da Policía Local

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do BNG, rexistrada de entrada ao núm. 202399900007502 o día 24 de novembro de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez, que dá lectura á moción que transcrita di:

«MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DETALLADO DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL

O informe subscrito pola Intervención municipal vinculado á conta xeral do ano 2022 manifesta a necesidade de realizar, en relación co cadro de persoal da nosa policía municipal “un estudo detallado das xornadas ordinarias anuais de toda a plantilla coa finalidade de comprobar o seu cumprimento e aos efectos depurar, se existen, posibles responsabilidades”, en atención a posibles anomalías no cómputo e aboamento de determinadas horas de traballo.

Diante desta situación, e co obxecto de aclarar a realidade da situación do xeito máis rápido e transparente posible, propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- O Concello de Cambre comprométese a facilitar os recursos que se estimen (técnicos, humanos, loxísticos, de organización e priorización do traballo...) por parte da Intervención municipal para a realización (de xeito individual dende a citada área ou en colaboración con outros departamentos que esta considere) antes do remate do presente ano dun estudo detallado do calendario e horario laboral do cadro de persoal da policía local en atención ao exposto no informe vinculado á conta xeral de 2022, podendo abranguer a análise os exercicios de, entre outros, 2021, 2020, 2019 e 2018.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta; a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández; o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; e o alcalde, Sr. García Patiño.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG de data 24 de novembro de 2023, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión, coa

modificación da referencia temporal a que se fai referencia no punto do acordo para a realización do estudo, que será o primeiro trimestre do ano 2024, ou canto antes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do BNG, de data 24 de novembro de 2023, anteriormente transcrita, quedando o punto do acordo redactado do seguinte teor:

“1.- O Concello de Cambre comprométese a facilitar os recursos que se estimen (técnicos, humanos, loxísticos, de organización e priorización do traballo...) por parte da Intervención municipal para a realización (de xeito individual dende a citada área ou en colaboración con outros departamentos que esta considere) durante o primeiro trimestre do ano 2024, ou canto antes, dun estudo detallado do calendario e horario laboral do cadro de persoal da policía local en atención ao exposto no informe vinculado á conta xeral de 2022, podendo abranguer a análise os exercicios de, entre outros, 2021, 2020, 2019 e 2018.”

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:32:28 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1723/2023, do 24 de outubro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura efectuada a prol do sétimo tenente de alcalde, don David López Saborido do día 2 ao 12 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1785/2023, do 6 de novembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol da cuarta tenente de alcalde, dona María Mercedes Prieto Lamas do día 10 ao 13 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:33:05 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 210 resolucións numeradas da 1699 á 1908 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1699/2023	23-10-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 26 de outubro de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2023
1700/2023	23-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: EJJ
1701/2023	23-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: FLCV
1702/2023	23-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: NCS
1703/2023	23-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JBL, por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1704/2023	23-10-2023	Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LAGI
1705/2023	23-10-2023	Conceder as seguintes axudas económicas de emerxencia social, segundo o artigo 7 da ordenanza: - un recibo de gas por importe de 30,79 euros correspondente ao período do 15.02.2022 ao 18.04.2022 - un recibo de gas por importe de 29,65 euros correspondente ao período do 16.12.2022 ao 14.02.2023 - un recibo de gas por importe de 22,31 euros correspondente ao período do 14.02.2023 ao 14.04.2023 - un recibo de gas por importe de 18,27 euros correspondente ao período do 14.04.2023 ao 16.06.2023 - un recibo de gas por importe de 9,85 euros correspondente ao período do 16.06.2023 ao 26/07/2023 - un recibo de gas por importe de 1,73 euros correspondente ao período do 26.07.2023 ao 18.08.2023. Solicitante: MCC
1706/2023	24-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a ECV, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1707/2023	23-10-2023	Cesar con data 24 de outubro de 2023 a AJSS polo transcurso do prazo máximo de duración de nove meses dentro de un período de dezaioito meses do seu nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade cos artigos 23.2 d) e 24.3 c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1708/2023	24-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a RRA, por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1709/2023	24-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, en aplicación da nova



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: IRG
1710/2023	24-10-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: SRdeMP
1711/2023	24-10-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a JVC, cunha periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de urbanismo e obras mediante en resolución de data 3 de marzo de 2023, pola construción dun cerramento na finca sita en Praza de San Marcos, Anceis, sen título habilitante, xa que non foi demolida no prazo requirido, a teor do disposto no artigo 152.6 da citada lei do solo de Galicia
1712/2023	24-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MRM para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Aldea, Meixigo (San Lourenzo), que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1713/2023	24-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CPL para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Aldea, s/n, Meixigo (San Lourenzo), entrando ademais en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados.
1714/2023	24-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MRB e DBC para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Aldea, Meixigo (San Lourenzo), que invade a vía pública, entrando ademais en contacto co tendido eléctrico, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1715/2023	24-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MRM para a poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Aldea, Meixigo (San Lourenzo), que invade a vía pública, afectando a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1716/2023	24-10-2023	Comparecer no procedemento abreviado número 000055/2023 ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado Ramón Artime Cot, colexiado núm. 183 do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol
1717/2023	24-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía VFG, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1718/2023	24-10-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a TARV, por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1719/2023	24-10-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1720/2023	24-10-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de LMR - facturas - TEDEC 2023/G003/001613 de data 29 de setembro de 2023. Aprobar as facturas e gastos, por importe total de 67.438,35 euros
1721/2023	24-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: AKRM
1722/2023	24-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: OKPR
1723/2023	24-10-2023	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Cultura don David López Saborido do día 2 ao 12 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos
1724/2023	24-10-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención LMR - facturas - TEDEC 2023/G003/001838 de data 18 de outubro de 2023. Aprobar a factura por importe total de 81.205,53 euros
1725/2023	25-10-2023	Acceso á información solicitada por RVP, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular de Cambre, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 202300000005030 o día 24 de outubro de 2023
1726/2023	25-10-2023	Desestimar o recurso de reposición presentado por UNG contra a resolución núm. 1397/2023 de data 28/08/2023 do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación polos motivos expostos polo coordinador de actividades culturais e educativas e concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación que figuran na parte positiva desta proposta



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1727/2023	25-10-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MRM para a corta e poda da vexetación existente na finca sita no lugar de Aldea, Meixigo (San Lourenzo), que invade a vía pública, afectando a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservarlas nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1728/2023	25-10-2023	Conceder a licenza para a división do local de 128,34 m ² sito na rúa Luis Pimentel en dous lotes de 64,68 m ² e 63,66 m ² , respectivamente, tal e como se reflicte na memoria redactada para a adecuación e división de dito local, de conformidade co artigo 26 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana aprobado por Real decreto legislativo 7/2015. Solicitante: OTI, S.L.
1729/2023	25-10-2023	Conceder a licenza para a división do local de 120,84 m ² sito na rúa Luis Pimentel, en dous lotes de 62,23 m ² e 58,61 m ² , respectivamente, tal e como se reflicte na memoria redactada para a adecuación e división de dito local, de conformidade co artigo 26 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015. Solicitante: OTI, S.L.
1730/2023	26-10-2023	Aprobación de facturas e certificacións da obra (16 e17) Lote 3 IDAE. "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" por importe de 128.056,27 euros
1731/2023	26-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada destinada a cubrir os gastos de alimentación básica e hixiene persoal a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición final segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: M ^a PCP
1732/2023	26-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, en aplicación da nova Disposición final segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante:
1733/2023	26-10-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros e de conformidade co disposto na Disposición final segunda da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que o beneficiario continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		ordenanza. Solicitante: JAMB
1842/2023	14-11-2023	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MRR, herdeiros de JRC, MARR e RRR pola á execución dunha construción auxiliar, na parcela sita en Castrobó, Anceis, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto no artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1843/2023	15-11-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1844/2023	15-11-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1845/2023	15-11-2023	Delegar no concelleiro don Daniel Mallo Castro a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de DMGC e FBH
1846/2023	15-11-2023	Conceder un trámite de audiencia a AI S.L. por un prazo de quince días hábiles, desde o seguinte ao da recepción da notificación desta resolución, para que poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes en relación coa proposta formulada polo inspector-xefe da policía local no seu informe do día 17.03.2023 en canto a que debe aboar ao Concello de Cambre un importe de 1.378,32 euros en concepto de liquidación de quilometraxe (cláusula 7 do PCAP
1847/2023	15-11-2023	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal do alumnado-traballador e dun/dunha director/a, tres docentes, un/unha auxiliar administrativo, subvencionados por resolución de 05/10/2023 do xefe territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
1848/2023	15-11-2023	Convocatoria subvencións en réxime de concorrencia competitiva en materia de servizos sociais para o ano 2023. Designar como membros da Comisión de Avaliación, para valorar cada un dos programas de acordo cos criterios de valoración recollidos nas bases reguladoras da citada convocatoria
1849/2023	15-11-2023	Cesar con data 15 de novembro de 2023 e a petición propia a LMCM funcionaria interina do Concello de Cambre
1850/2023	15-11-2023	Cesar con data 15 de novembro de 2023 a SBL funcionaria interina do Concello de Cambre por acceder no Concello de Arteixo ao posto de arquitecta/a técnica adscrita a urbanismo, persoal funcionario de carreira, a xornada completa, grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, de acordo coa Resolución número 3211/2023 de data 23 de outubro de 2023 da Alcaldía do dito concello
1851/2023	15-11-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 66 m ² de vía pública dende o 24 de outubro ata o 22 de novembro de 2023 na fachada traseira do edificio sito na rúa Río Valiña, parroquia do Cambre, con motivo das obras de reparación e impermeabilización das fachadas das bufordas do referido edificio, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras núm. 2022/U026/000299. Solicitante: JMBC
1852/2023	15-11-2023	Conceder a licenza para construír unha vivenda unifamiliar sita no lugar de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Canal, parroquia de Cecebre, en solo cualificado como de núcleo rural nas Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre e solo urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan Xeral de Ordenación Municipal Solicitante: MRM
1853/2023	16-11-2023	Outorgar á Asociación de Nais e Pais Fendetesta do centro de educación infantil e primaria Wenceslao Fernández Flórez, unha subvención por importe de 30.120,00 euros, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2022/2023
1854/2023	16-11-2023	Contratar ao abeiro da resolución do 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2023 como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo cunha duración de doce meses, ás seguintes persoas: LSD, aux. administrativo ADL; SMPM, aux. administrativo Intervención; CdelpMB, conserxe Servizos Sociais e DGD, conserxe Réxime Interior
1855/2023	16-11-2023	Levantamento do reparo suspensivo relacionado no informe de fiscalización da interventora municipal do 13 de novembro de 2023 en relación ao nomeamento de xefe en funcións da Policía Local de Cambre, e continuación do procedemento
1856/2023	16-11-2023	Atribuír temporalmente ao oficial da Policía Local de Cambre JFRR as funcións de xefe da Policía Local ante a vacante do posto que ten atribuídas as ditas funcións, de conformidade co disposto no artigo 27. 5 da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais
1857/2023	17-11-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de novembro de 2023
1858/2023	17-11-2023	Comparecer no procedemento ordinario número 0000253/2023, recurso contencioso administrativo interposto pola representación procesal da entidade J. S.L. contra a denegación por silencio administrativo e contra a inactividade da Administración en relación cos prezos de contratación e adjudicación de servizos prestados pola recorrente ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado/a que corresponda do servizo de Asistencia Xurídica da Deputación da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais
1859/2023	17-11-2023	Admitir a trámite a solicitude presentada en data 28 de setembro de 2022 por EChLF. Iniciar, a instancia de parte, expediente de responsabilidade patrimonial, co obxecto de determinar se procede recoñecer o dereito a percibir unha indemnización no importe de 8.100 euros polos danos e prexuízos sufridos a consecuencia, segundo indica, de filtracións provenientes dunha arqueta do Concello
1860/2023	17-11-2023	Admitir a trámite a solicitude presentada en data 13 de setembro de 2022 por RMR. Iniciar, a instancia de parte, expediente de responsabilidade patrimonial, co obxecto de determinar se procede recoñecer o dereito a percibir unha indemnización no importe de 108,47 euros polos danos e prexuízos sufridos a consecuencia, segundo indica, do embargo de dita suma producido na conta bancaria
1861/2023	17-11-2023	Modificar a resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior número 1556/2023, do 25 de setembro, no apartado terceiro da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		súa parte dispositiva, por mor de ser necesaria a modificación do período de cobramento en período voluntario aprobado
1862/2023	17-11-2023	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: RMC
1863/2023	17-11-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade por razóns humanitarias. Solicitante: JCA
1864/2023	20-11-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 23 de novembro de 2023
1865/2023	20-11-2023	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de outubro de 2023 por importe de 64.581,12 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 64.581,12 euros
1866/2023	20-11-2023	Aprobar a memoria explicativa sobre o festival Cromático Mural Fest 2024, coa estrutura sinalada nas bases reguladoras da convocatoria de referencia. Solicitar unha subvención por importe de 34.317,63 € que supón o 79% do orzamento total do proxecto a executar que ascende á cantidade máxima total de 43.440,04 euros
1867/2023	20-11-2023	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente ao pago fraccionado do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2023 por un importe de 0,00 euros
1868/2023	20-11-2023	Considerar desistido a DRF da solicitude de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1869/2023	20-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a FS, S.L. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Castrobó, Anceis, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1870/2023	20-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a AMRV, CRSR e FSR para a xestión da biomasa existente na finca sita en Lamiño, Cambre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1871/2023	20-11-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 9/2023 por importe de 285.933,45 euros correspondentes á anualidade 2023
1872/2023	20-11-2023	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos no concurso para a selección dun enxeñeiro técnico de Obras Públicas interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de Obras Públicas interinos
1873/2023	21-11-2023	Solicitar, ao abeiro da convocatoria de programas de promoción económica dirixidos a concellos da provincia para socorrismo anualidade 2024, a subvención "servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre". Orzamento total (prazo máximo 3 meses): 10.000,00 euros. Subvención solicitada á Deputación: 10.000,00 euros
1874/2023	21-11-2023	Solicitar a participación do Concello de Cambre na convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2024) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo nos servizos municipais de deportes. Solicitar unha subvención, ao abeiro da citada convocatoria, "Apoio a concellos para mantemento na súa plantilla persoal



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		técnico deportivo para o desenvolvemento e xestión dos programas deportivos municipais, na colaboración nas campañas e xestión dos programas deportivos municipais, na colaboración nas campañas deportivas da Deputación provincial e na promoción do deporte en xeral coa titulación en formación profesional ou equivalente que traballe a xornada completa. - Orzamento total: 39.386,68 euros: 28.929,04 euros(retribucións brutas)+10.457,64 euros (seguridade social) Importe da subvención a solicitar á Deputación: 10.000,00 euros
1875/2023	21-11-2023	Conceder a licenza para segregar da finca sita no lugar de San Blas, parroquia de Cambre, de 511 m ² unha parcela de 13,50 m ² para cedela a este Concello para a regularización do viario público, de conformidade co artigo 150 da Lei 2/2016, do solo de Galicia. Solicitante: JARM
1876/2023	21-11-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da citada ordenanza. Solicitante: MDBM
1877/2023	21-11-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da citada ordenanza. Solicitante: BdosSO
1878/2023	22-11-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, e en aplicación da Disposición Final Segunda da ordenanza reguladora de ditas axudas, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da citada ordenanza. Solicitante: CGS
1879/2023	22-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora de dita axuda. Solicitante: ADRM
1880/2023	22-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada, xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiario segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora de dita axuda. Solicitante: JMSL
1881/2023	22-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada, xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora de dita axuda. Solicitante: MCPS
1882/2023	22-11-2023	Levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 20 de novembro de 2023 ao nomeamento dun



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		enxeñeiro técnico industrial interino, encadrado na Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos medios, pertencente ao subgrupo "A2", para substitución transitoria de quen ocupa o posto. Dispoñer que continúe o procedemento de nomeamento de don Miguel Cordal Cuba como enxeñeiro técnico industrial interino por substitución transitoria de quen ocupa o posto. Resolución dilixencia por erro no circuíto de sinatura
1883/2023	23-11-2023	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato do "Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal". Prorrogar ata o día 26.11.2024 o contrato do "Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal" formalizado coa empresa Ártabra Comunicación S.L. con data do 26.11.2021, condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2024
1884/2023	23-11-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de facturas - de data 29 de setembro de 2023. Aprobar as facturas por importe total de 21.330,44 euros
1885/2023	23-11-2023	Levantar os reparos suspensivos relacionados no informe de fiscalización da interventora municipal do 20 de novembro de 2023 ao nomeamento dun enxeñeiro técnico industrial interino, encadrado na Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos medios, pertencente ao subgrupo "A2", para substitución transitoria de quen ocupa o posto. Dispoñer que continúe o procedemento de nomeamento de MCB como enxeñeiro técnico industrial interino por substitución transitoria de quen ocupa o posto
1886/2023	23-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a SVE para a xestión da biomasa existente na finca sita no Vilar, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1887/2023	23-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a VEV para a xestión da biomasa existente na finca sita en Fial, Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1888/2023	23-11-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 46 m ² de vía pública cunha estada e contedor de obra na rúa Travesía da Coutelana, parroquia do Temple, dende o 1 de novembro ata o 31 de decembro de 2023, con motivo das obras de illamento térmico exterior nas fachadas e colocación dun falso teito nas vivendas da última planta. Solicitante: R, S.L.
1889/2023	23-11-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar MMNM consistentes na execución de movementos de terras e demolicions parciais dalgunhas construcións existentes, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1890/2023	23-11-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 41 m ² de vía pública cunha estada e 60 m ² para zona de provisión, contedor de obra e caseta na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, dende o 2 de novembro ata o 2 de xaneiro de 2023, con motivo das obras de illamento térmico nas fachadas e illamento e impermeabilización da cuberta do citado edificio. Solicitante: R, S.L.
1891/2023	23-11-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 2017/I002/123 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa, de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		OdeGS, S.L, consistentes na ampliación da edificación existente en Volteiro, Pravio, sen axustarse á comunicación previa presentada con data 29 de setembro de 2017 para a rehabilitación de dúas fachadas da mesma, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1892/2023	23-11-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade xa que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MLTFS
1893/2023	23-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a SMC, RG, GCG e LDG para a roza da vexetación existente na finca sita en Estorrentada, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1894/2023	23-11-2023	Conceder a licenza para a división dunha finca sita no lugar de Estorrentada, parroquia de Cambre de 1.878 m ² , en tres parcelas de 888 m ² , 845 m ² e 145 m ² , sendo esta última de cesión obrigatoria e gratuíta ao Concello para regularización do viario. Solicitante:
1895/2023	23-11-2023	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a JFP e outro, S.C, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 12 de abril de 2022, pola que se lles ordenou que procedesen a regularización das obras realizadas en Pombo (Pravio), mediante a presentación dunha comunicación previa de obras, de acordo co disposto polos artigos 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
1896/2023	24-11-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en data 9 de decembro de 2020 por M.A.T.P., actuando en nome e representación M.C.C. por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en vehículo
1897/2023	23-11-2023	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2023. tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 119 recibos e 23 cotas cero dun total de 142 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada un dos usuarios/as en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>doce mil catrocentos vinte e seis euros e sete céntimos</i> (12.426,07 euros) desde A.L.J. a V.V.C.
1898/2023	24-11-2023	Inadmitir a trámite a solicitude presentada en data 16 de maio de 2022 por D.A.M.R. actuando en nome e representación de R.C.A., por non ser o Concello de Cambre a administración competente para coñecer da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en vehículo
1899/2023	23-11-2023	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2023. tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 120 recibos e 21 cotas cero dun total de 141 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada un dos usuarios/as en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>trece mil trescentos cincuenta euros e trinta e sete céntimos</i> (13.350,37 euros) desde A.L.J. a V.V.C.
1900/2023	24-11-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de novembro de 2023

1901/2023	24-11-2023	Nomear a M.C.C., enxeñeiro técnico industrial interino, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" para a substitución transitoria de quen ocupa o posto, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.
1902/2023	24-11-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinala ao número 72, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada por M.B.P. en data 3 de xullo de 2023 -Núm. R.E: 202300000003704 - ao obxecto de inhumar o cadáver de M.P.G. falecida o día 11 de xullo de 2023. e cuxas cinzas foron inhumadas no dito nicho en data 12 de xullo de 2023.
1903/2023	24-11-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 13 para o ano 2023, solicitado polo seu titular M.F.G., e proceder a tal efecto a anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución.
1904/2023	24-11-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 15 para o ano 2023, solicitado polo seu titular J.M.L.G., e proceder a tal efecto a anotación do dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución.
1905/2023	24-11-2023	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urnas centrais sinaladas como A,B e C nº 38 do cemiterio municipal de Cambre en favor de J.P.F. e M.J.P.F. en proindiviso.
1906/2023	27-11-2023	Admitir a trámite a solicitude presentada en data 24 de novembro de 2023 por F.V.S., rexistrado de entrada ao número 202200000005359, e iniciar a instancia de parte, expediente de responsabilidade patrimonial, có obxecto de determinar se procede recoñecer aos menores L.e L.V.R.-representados polo seu proxenitor F.V.S.- o dereito a percibir unha indemnización polos danos morais sufridos pola consecuencia, segundo indica, da repetición do sorteo realizado en data 19 de decembro polo Concello de Cambre a fin de seleccionar os participantes admitidos no programa "Campaña "Neve 2023" da Deputación da Coruña.
1907/2023	24-11-2023	Inscribir no libro rexistro historial de nichos do cemiterio municipal de Cambre a inhumación do cadáver de V.G.P. realizada na urna perimetral sinalada co número 99, letra A do cemiterio municipal de Cambre en data 9 de novembro de 2023.
1908/2023	24-11-2023	Autorizar a apertura da urna central sinala ao número 59, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada por I.E.V. en data 26 de xullo de 2023 -Núm. R.E: 202399900005151 - ao obxecto de inhumar o cadáver de J.A.E.V. falecido o día 24 de xullo de 2023 e cuxas cinzas foron inhumadas no dito nicho en data 26 de xullo de 2023.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de outubro de 2023

- Declaración de deserto, por falta de licitadores, do expediente de contratación núm. 2023/C003/000003, correspondente ao contrato de "Mellora funcional do espazo exterior do Centro Social de Pravio", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos "POS+ 2021")

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro de 2023

- Devolución da garantía constituída por E.V.P.L. no expediente número 2023/C006/000003, para a "Autorización administrativa da instalación dun posto de bebidas e outros comestibles no Campo da Feira de Cambre durante a celebración do XXXI Festival Rock in Cambre"

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2023

- Aprobación do expediente do contrato mixto (servizos e subministración) para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TEDeC núm. 2023/C005/000010), cun prazo de duración que abarcará dende o día seguinte a súa formalización ata o 15.01.2024, para cada un dos diferentes lotes, cun valor presuposto base de licitación de 63.450,00 euros (IVE incluído) e un valor estimado de 52.802,97 euros.

- Devolución da garantía constituída pola empresa adxudicataria "Implicatum Consultoría, S.L." para o Lote 3 "Servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da campaña e servizos tecnolóxicos relacionados coa campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023" do contrato das "Subministración e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 – 2023 (TEDeC núm. 2022/C005/00012)

- Aprobación do expediente para a contratación da organización e execución da XV Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre o día 21.01.2024 mediante o procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP cunha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, cun valor estimado de 32.320,21 euros e cun orzamento base de licitación de 33.607,29 euros (IVE incluído).

4.3. DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS PRESENTADOS POR D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ, NOS QUE COMUNICA O ABANDONO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE CAMBRE E SOLICITA O PASO A CONCELLEIRA NON ADSCRITA

Acceso á videoacta – 00:33:16 horas

Dáse conta do escrito de data 7 de novembro de 2023, con rexistro de entrada núm. 20230000005182, presentado pola concelleira D.^a María Elena Lauda Fernández, e do escrito de aclaración presentado por esta concelleira o 8 de novembro de 2023, con rexistro de entrada núm. 20230000005207, nos que comunica o abandono do Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre e solicita pasar a concelleira non adscrita.

4.4. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:33:29 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900007544 o día 27 de novembro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:33:30 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Nunha terra como a nosa tan feitiña ás nosas festas, recibimos con fondo pesar desde o Partido Popular de Cambre que o nacemento vivinte de Bribes que se celebra dende hai case vinte anos, este ano non se leve a cabo e previsiblemente outras celebracións correrán a mesma sorte. O espírito do Nadal parece pasar de longo polo noso Concello de Cambre e toca explicar aos nosos nenos e nenas as razóns, falta de previsión ou tal vez negligencia por parte daqueles que gobernan e que están a cobrar por un traballo sen facer. Os nenos non están axeitos a escoitar escusas daqueles que están para dar solucións xa que aínda teñen a liberdade de soñar. Dende o Partido Popular solicitamos que reacciones ante o descontento dos veciños de Bribes e de todos nós, xa que non estamos a falar só de parroquias, senón de xente e de sentimentos, e sobre todo dos soños dos máis pequenos.”

O Sr. López Saborido contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:42:26 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“No pasado mes de outubro entrou en vigor o novo decreto da Xunta de Galicia que facilita a conversión de baixos comerciais sen actividade en vivendas, con este decreto simplifícanse e actualízanse normas, mellórase a eficacia administrativa na xestión de proxectos e dáse maior seguridade xurídica, ademais facúltase aos concellos para determinar as zonas do municipio onde se poidan flexibilizar os requisitos para adaptar os baixos e vivendas. Por todo isto dende o Partido Popular solicitamos que o Concello de Cambre faga un listado de locais nas zonas urbanas que poden pasar de uso comercial a residencial e facilite aos seus propietarios a conversión, co fin de contrarrestar o abandono de locais e evitar a súa degradación de determinadas zonas, así como reforzar a oferta residencial no noso municipio.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:50:44 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Dende o Partido Popular de Cambre solicitamos que se faga un estudo coa previsión das consecuencias económicas en indemnizacións, costas procesuais ou intereses, así como de responsabilidade patrimonial, derivados dos impagos a empresas e denuncias acumuladas contra o Concello e alentadas polo alcalde na prensa, e que se poña en coñecemento do pleno da corporación.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo. Intervén o Sr. alcalde.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900007541 o día 27 de novembro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:58:16 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“Veciñas e veciños de San Lourenzo e Andeiro denuncian a falta de iluminación pública en varios lugares destas parroquias.

Rogamos o arranxo desta situación.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén o Sr. alcalde.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:59:43 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“Fomos coñecedores da dificultade de varias ANPAS para manter as actividades extraescolares de cara ao ano 2024.

Rogamos as xestións necesarias por parte do concello para solucionar esta situación.”

A Sra. Rodríguez López contesta o rogo. Intervén o Sr. alcalde.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:00:59 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A chamada Fraga de Cecebre, no seu tramo que é atravesada pola estrada, vén sendo obxecto de intervencións por parte dos bombeiros, por caídas de árbores.

Obsérvase que moitos dos seus exemplares manteñen unha inclinación que se presume un avance da caída deles, co perigo real que supón dun accidente que pode ser de consecuencias fatais.

Descoñecemos se por parte da familia propietaria se toman as medidas axeitadas de conservación, ou se por parte do concello se se lles demandou como é preceptivo.

Diante desta preocupación, e desidia observada, solicitamos que se tomen todas as medidas precisas, que garantan a seguridade, e o espazo protexido nas condicións tanto de seguridade como de valor patrimonial, para que se leven a efecto no menor tempo posible.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

4.5. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:08:16 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900007544 o día 27 de novembro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:08:17 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“Nestes momentos como consecuencia das obras e do temporal, temos pechadas dúas das tres pistas



deportivas do Temple, deixando a centos de nenos e nenas sen poder desfrutar delas e deixándoos sen un lugar onde xogar. Dende o Partido Popular queremos coñecer cando van volver a estar abertas para o seu uso as pistas deportivas pechadas do Temple?

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:09:50 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“ O Partido Popular quere saber os motivos que xustifican a utilización da brigada de obras para pintar dun día para outro a casa dun veciño non Campo da Feira de Cambre, para eliminar unha pintada que fai referencia ao alcalde, tal e como se pode comprobar na fotografía adxunta.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:11:55 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Dende o Partido Popular queremos saber por que o concello aínda non realizou os cobros dos participantes nos campamentos da Omix e dos urbanos do Concello de Cambre celebrados no verán, e que impiden aos pais e nais solicitar o bono Concilia da Xunta de Galicia, xa que se require o xustificante do pago entre a documentación que teñen que achegar.”

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900007541 o día 27 de novembro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:12:40 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Neste pleno, non hai moito tempo xa se falou da urxencia de acometer beirarrúas dende o lugar de Quintán en Cecebre, ata a presa de Cecebre, comprometéndose o goberno municipal a facer os trámites necesarios diante da Xunta de Galicia.

O que non se tratou é a ampliación da estrada que vai sobre o muro da presa, o que permitiría levar a cabo as beirarrúas para atravesalo.

Como esta obra pertence a EMALCSA, preguntamos ao Goberno que teñen feito ao respecto, cales son os pasos dados ata o momento.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta. Intervén o Sr. alcalde.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:15:41 horas



Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Vai para seis meses da actual lexislatura, onde existe o compromiso da creación da Comisión Especial de Urbanismo sobre o Plan Xeral. A estas alturas segue sen convocarse, non atopando razóns que xustifiquen este atraso.

Cando pensan notificar a súa convocatoria?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:16:24 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Que explicación teñen para a situación que se viviu no pavillón cuberto de Brexo, onde se atoparon os usuarios das actividades, sen que ninguén aparecera para abril?”

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e dezasete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo